


Ferrolterra, 2 febreiro 2015

A forza da vocación e da constancia dan máis luces que sombras no sector abelleiro.

A crise non só é económica tamén é de principios. Estase producindo sen pensar no futuro, só se valora o beneficio económico inmediato sen considerar a sustentabilidade no tempo. Este sistema de producir contra natura non ten futuro, ao menos para as novas xeracións. Se todos os que temos sensibilidade e vemos o problema non actuamos conxuntamente o futuro será incerto.

A nosa actividade abelleira non é allea a estes males, a degradación incesante da biodiversidade botánica, o crecente e devastador impacto dunha agricultura de tipo industrial xeralizada e sen sentido que aniquila todo o vivo, son a causa principal e indiscutible do declive da supervivencia e capacidade productiva das abellas. Os investigadores testifican que a vida das colonias de abellas é un dos indicadores máis eficientes de sustentabilidade medioambiental das prácticas agrícolas.



Os abelleiros e naturistas propoñemos e defendemos a necesidade de adoptar unha modalidade diferente, sensata e sostible de producir os alimentos. E por se fose pouco a mundialización do comercio descontrolado conleva uns graves riscos que estamos padecendo de xeito silencioso. As especies invasoras supoñen maior risco para a saúde e o medioambiente do que se pensaba. Según os novos informes da "Axencia Europea do Medioambiente", as especies exóticas invasoras representan maiores riscos para a biodiversidade, a saúde humana e a economía do que se creía. En Europa existen máis de 10.000 especies exóticas, e a taxa de novas introduccións acelerouse e sigue aumentando. Un dos exemplos que máis directamente nos afectan é o goníptero do eucalipto (polos insecticidas que conleva), a varroa e agora a velutina.

A chegada da velutina á bisbarra oblíganos a un maior control e máis dedicación, non sendo así podemos dar por perdidas as colmeas. Desde a delegación poñeremos ao voso alcance os coñecementos e os útiles necesarios para axudar a controlar a plaga pero vos tedes que poñer tempo e compromiso.

Comprobado o mal funcionamento do servizo do 012 na retirada de niños da velutina, AGA poñerá en marcha un novo servizo de cara aos concellos. Consecuentemente a delegación Ferrolterra xa iniciou a formación de equipos para a retirada de niños de aquelas zonas que representen un perigo para as persoas, para isto incluiremos dito servizo nos convenios de colaboración que xa temos suscritos cos concellos e incluiremos ao resto da mancomunidade de Ferrol que son onde desde hai 30 anos desenrolamos a nosa labor didáctica e formativa.

Este ano estamos de noraboa, AGA fai 35 anos e a nosa delegación 30 e imos celebralo. Moito tempo facendo camiño e aínda que non sempre foi fácil os resultados están á vista, e nos enchen de satisfacción e orgullo. O peor, sen dúbida, vencer o pasotismo, egoísmo e intolerancia de algúns... pero iso é o hándicap eterno de calquera entidade aberta e participativa coma a nosa.

Para a nosa celebración xa temos artelladas unhas actividades interesantes para ofrecervos e ata unha moi boa sorpresa en forma de local social. O comentaremos na asemblea que celebraremos o día 12.

Asamblea ordinaria da DAGA Ferrolterra

Día 12 de febreiro, xoves, ás 18 horas en primeira convocatoria e 18:30 en segunda. Local social da Sociedade Agrarista Círculo Gacela (C/ Soto, 9-11 en Esteiro). Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Memoria das actividades desenvoltas no ano 2014.
- 3.- Balance e aprobación das contas do ano 2014.
- 4 - Proposta do programa de actividades para o ano 2015.
- 5.- Velutina. Informarémovos do amplo traballo desenvolto no último ano en tódolos campos posibles, tanto a nivel central como a nivel local da delegación:

- Investigación co desenrolo de novos métodos de control de campo así como de coñecemento biolóxico da especie.
- Campaña informativa e de sensibilización polas parroquias da bisbarra e fora dela.
- Presión ante a administración para que asuman a súa responsabilidade e tomen medidas axeitadas.
- Trataremos as condicións da incorporación da velutina nos convenios que xa temos e nos vindeiros.

Agora que xa temos a velutina na bisbarra toca formar e organizar os grupos de control para a eliminación dos niños. Se non nos comprometemos, formamos e pertrechamos nos

eliminarán as colmeas.

6.- Potenciación do grupo de traballo da DAGA. O ano pasado tocou eleccións e actualmente o grupo de traballo está composto por:

- Grupo de traballo.- Alberto (José Alberto Espiñeira Datas), Celso (Celso Polo Arias), Chema (José M. Orbaneja Fernández) e Rafa (Rafael M. Díaz Nieto).
- Asesores/homes sabios.- Os Antonios (Mesejo Cerdido e Dopazo Barrio).

E como entidade aberta e participativa que somos calquera outro/a socio/a que esté disposto a colaborar. Non temos diferenzas por cargos asignados, só ganas de traballar polo ben das abellas, da natureza e da colectividade. Non quedes ao marxe, involúcrate aportando o que boamente podas en compromiso e tempo.

7.- Rogos e preguntas.

A asamblea é o lugar axeitado para debater as ideas e propostas que teñas. ¡Participa!



Xuntos máis fortes - Unidos máis lonxe



Informativo Agrario de Círculo Gacela



N.º 2

c/ Soto, nº 9-11- bajo -Apartado de correos nº 376 -15403 - Ferrol
Telf. 981 372 798-Fax. 981 372 798-Tf. móvil 608 385 471- Mail:circulogacela@yahoo.es

Febreiro 2015

Relación de actividades organizadas en colaboración coa Asociación Agrarista “Círculo Gacela”.- Como entidade amiga compartimos intereses, obxetivos e xente polo que os abelleiros tedes a porta aberta á participación.

Programa formativo a desenrolar no mes de febreiro:

Martes, día 10, ás 19 horas.- Algas: beneficios, propiedades e valores nutricionais. Local social de Círculo.

Por Sergio Baamonde López, de “Conservas Mar de Ardora” de Ortigueira. Son todavía unha novidade na nosa dieta, pero as algas aportan moitos beneficios e propiedades a nosa alimentación: vitaminas, minerales e proteínas.

Coñece algúns dos beneficios e propiedades das algas, así como os seus valores nutricionais.

Xoves, día 12, ás 17 horas.- Vespa velutina, impacto ambiental e incidencia sobor as actividades agrarias e forestais. Local social de Círculo.

Por Rafa Díaz, apicultor e membro do grupo de traballo na bisbarra da Asoc. Galega de Apicultura “AGA”. Ao carecer de inimigos naturais e reproducirse moito esta especie invasora –gran depredador- está orixinando unha gran incidencia negativa nas zonas que invade.

Convén coñecer os seus costumes para evitar riscos pessoais e reducir a súa incidencia sobre a fauna e as explotacións.

Día 16 (3º luns de mes), ás 19 horas.- Reunión/tertulia mensual onde trataremos conxuntamente as suxerencias e as dúbidas que xorden sobre o noso variado e complexo mundo agrario.



Círculo Gacela
Por un mundo rural vivo e sostible



A terra non é unha herencia dos nosos pais é un prestamo dos nosos fillos.

Xoves, día 19, ás 16 horas.- PRÁCTICA DE PODA na “Horta de conservación de froita autóctona” de San Sadurniño.

Por Ramiro Martínez Picos, técnico agrícola e xerente do viveiro O’Pomariño.

Ven a recibir unhas nocións prácticas fundamentais para a poda axeitada de frutais, tanto de pepita como de oso.

Coste da participación na práctica por persona.- 5 €

Venres, día 20, ás 16 horas.- VISITA AO VIVEIRO O’PUMARIÑO. Lugar de Outeiro, s/n – 15613 A Capela.

Viveiro especializado en frutais do país. Contando cunha gran variedade e calidade de frutais autóctonos.

Explicarán con todo tipo de detalle as distintas variedades e cando fructifican.

O que o necesite poderá aproveitar e adquirir os frutais que precise a un precio moi interesante.

**Círculo Gacela e o dinamizador cultural e recreativo da xente con inquietudes agrarias.
¡Faito socio e participa con nos!**

Para unha comunicación máis rápida e eficaz pedímosvos que nos comuniquedes os vosos correos electrónicos. Dispoñer del posibilitáanos optimizar a comunicación facéndoa rápida, continua e económica.

Pregamos que todos aqueles que dispoñades de correo electrónico e non recibades os nosos envíos nolo comuniquedes a dagaferrol@hotmail.com.

Saúde e mel.

Grupo de traballo AGA Ferrolterra



Como parte do planeta temos a importante tarefa de ensinar as novas xeneracións a coidalo.

REMITE:



C/. San Salvador, 41- 2º
15404 Ferrol